A pretensión de situar ao ser humano nun plano distinto e superior ás demáis especies, considerando que representa algo así como a culminación da evolución, parece un plantexamento incomplatible coa bioloxía evolucionista. A evolución non é un proceso lineal, senón que ten estructura arbórea, que se ramifica en todas as direcciónes, de modo que todas as especies actuais serían as xemas terminais da árbore da vida e non cabe considerar que unhas irían diante das outras. Cada especie é única e distinta das demáis. Xa non cabe apelar a certas características únicas da nosa especie, como a linguaxe para subliñar a singularidade do humano. O éxito da concepción naturalista e as inquedanzas suscitadas polos recientes avances da biotecnología esixe plantexar a cuestión da natureza humana dende outra perspectiva: respecto ao valor que se debe outorgar a toda vida humana. Algúns plantexamentos contemporáneos insisten na necesidade de considerar esa vida como xa dotada de dignidade.